

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 29 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrència non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).

En Galicia, a evacuación das augas residuais domésticas mediante descarga a un sistema de sumidoiros colectivo non sempre é a solución máis axeitada, tanto desde o punto de vista técnico como desde o económico.

Factores como a elevada dispersión da poboación, unha topografía accidentada ou a elevada pluviometría fan que o saneamento autónomo sexa a solución óptima para resolver moitos problemas do saneamento nas contornas rurais. Así, ben que o saneamento autónomo foi considerado durante moito tempo unha solución temporal á espera da súa conexión ao sistema de saneamento municipal, os novos enfoques e criterios no deseño de esquemas de saneamento descentralizado mostran que, en moitas ocasións, son unha solución tecnicamente eficaz, económica e ambientalmente sustentable a longo prazo.

Ben que o obxectivo prioritario é previr calquera risco para a saúde, propia e da veciñanza, tamén é limitar o impacto sobre o ambiente e participar, así, no esforzo colectivo de protección dos recursos hídricos.

Toda vivenda sen posibilidade de acometida aos sumidoiros públicos deberá utilizar sistemas individualizados separados, un para a evacuación de augas pluviais e outro de evacuación de augas residuais dotado dun sistema de depuración particular. As augas pluviais poderán almacenarse para a súa posterior utilización na propia vivenda, ou ben evacuarse ao terreo, preferiblemente, ou a unha canle natural ou a unha rede de drenaxe pluvial pública.

A evacuación de augas residuais deberá realizarse conectándoa ao sistema de sumidoiros públicos. Non obstante, as ordenanzas municipais reguladoras dos servizos de xestión de sumidoiros poden establecer unha distancia máxima a partir da cal non é obrigatoria esta conexión. En ausencia desa ordenanza, será de aplicación a distancia de 50 metros recollida no Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño.



O artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, configura a colaboración entre administracións como un principio esencial para conseguir os obxectivos comúns nas políticas de abastecemento, saneamento e depuración de Galicia.

Grazas a este marco de cooperación, nos últimos anos a Comunidade Autónoma de Galicia experimentou un salto cualitativo na extensión territorial dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, ao que contribuíu, en gran medida, a mobilización de investimentos públicos para a execución de obras e infraestruturas hidráulicas en apoio ás entidades locais no exercicio das súas competencias. Estas intervencións e investimentos incidiron, sen dúbida, na mellora dos indicadores da calidade das augas e no nivel de cumprimento das normativas comunitarias na materia.

Non obstante, constatouse e comprobouse durante todo este tempo que as singularidades e peculiaridades demográficas e xeográficas de Galicia dificultan non soamente a execución das infraestruturas hidráulicas senón tamén a súa xestión para a prestación destes servizos de forma axeitada. Para alcanzar a máxima calidade das nosas augas e que estes servizos básicos de auga se presten con eficiencia e eficacia, as instalacións executadas deben ir acompañadas dunha adecuada xestión, explotación e mantemento.

Por estes motivos, considerouse necesario cooperar cos concellos galegos a través dunha convocatoria de subvencións destinada á renovación e/ou instalación dun máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 28 de febreiro de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 17 de febreiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións destinadas a concellos para a instalación de sistemas de depuración autónomos no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento AU300B).

Esta nova convocatoria de subvencións dá continuidade á liña de colaboración iniciada coas entidades responsables de sistemas de saneamento, para que estas poidan xestionar coa maior dilixencia, eficacia e eficiencia posibles as súas competencias nunha materia tan importante como é a prestación dos servizos de saneamento e depuración.

Esta convocatoria introduce como novidades máis destacadas, respecto da convocatoria anterior, a posibilidade de renovar e/ou instalar ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos. Ademais, amplíase o ámbito territorial da convocatoria para os efectos de poder atender actuacións que se realicen en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, non só nos concellos situados no ámbito territorial da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa.



En consecuencia, e tendo en conta o determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de conformidade coa Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia,

RESOLVO:**Artigo 1. *Obxecto, finalidade e principios***

1. O obxecto desta resolución é establecer as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, destinadas á renovación e/ou á instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).

No suposto de que se solicite a renovación e/ou instalación de dous sistemas de depuración autónomos, observarse o disposto no parágrafo segundo do artigo 3.1 desta resolución de convocatoria, e serán de aplicación todos os requisitos que se establecen nesta resolución de convocatoria para o suposto de que se solicite a renovación e/ou instalación dun único sistema de saneamento autónomo.

2. A finalidade destas subvencións é contribuír a que as vivendas unifamiliares dos núcleos rurais illados xestionen de forma axeitada as súas augas residuais domésticas a través de unha ou dúas solucións de saneamento autónomo.

3. Estas subvencións tramitaranse de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con suxeición aos principios de publicidade, transparencia, concorrancia, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 2. *Réxime de concesión*

1. A concesión destas subvencións realizarase en réxime de concorrancia non competitiva, segundo a excepción recollida no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Estas subvencións tramitaranse mediante o procedemento abreviado previsto no artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As solicitudes presentadas tramitaranse por orde de entrada correcta e completamente presentada no rexistro ata o esgotamento do crédito.



Enténdese que a solicitude está correcta e completamente presentada cando non deba ser obxecto de requirimento ou cando, sendo obxecto dun requirimento, este sexa contestado no prazo establecido no artigo 18.2 desta resolución de convocatoria.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias os concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que teñan a autorización de vertedura ou a teñan solicitado antes da finalización do prazo de xustificación da subvención para un sistema de depuración autónomo nun núcleo rural illado de quince ou menos vivendas.

No suposto de que se solicite a renovación e/ou instalación de ata dous sistemas de depuración autónomos, ademais de contar coas preceptivas autorizacións de vertedura, deberá facerse en dous núcleos rurais illados diferentes que teñan quince ou menos vivendas. Para estes efectos, será necesario que se identifiquen os ditos núcleos segundo a nomenclatura empregada polo Instituto Galego de Estatística (<https://www.ige.gal/igebdt/nomenclator/buscar.jsp>).

2. Para poder obter a condición de entidades beneficiarias, todos os concellos solicitantes deberán:

a) Cumprir os requisitos recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e non ter pendente de pagamento en período executivo ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e, nomeadamente, con Augas de Galicia.

3. Ningún solicitante poderá presentar máis dunha solicitude. O incumprimento deste punto dará lugar á inadmisión das solicitudes presentadas en segundo ou sucesivo lugar.

4. As solicitudes e os trámites posteriores deberán estar asinados pola persoa titular da alcaldía presidencia ou pola persoa en que estea delegada a competencia no momento da dita sinatura. Esta circunstancia deberá acreditarse.



Artigo 4. Actuacións subvencionables e requisitos das solicitudes

1. Serán subvencionables os investimentos realizados desde o 1 de xaneiro de 2026 destinados á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de saneamento autónomo que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que os sistemas de saneamento autónomo se sitúen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia e en diferentes núcleos rurais illados no suposto de que se solicite a renovación e/ou instalación de dous sistemas de depuración autónomos.

b) Que as augas residuais procedan de vivendas unifamiliares, ata un límite de quince. Non será subvencionable a instalación de sistemas de saneamento autónomo para máis de quince vivendas.

c) Que os rendementos de depuración que se alcancen coas instalacións de depuración ou as porcentaxes mínimas de redución cumpran os seguintes valores, ben referidos ao límite de parámetros ou ben referidos á porcentaxe mínima de redución, alternativos:

Parámetros	Límite	Porcentaxe mínima de redución
DBO5	200 mg/l	20 %
DQO total	300 mg/l	30 %
Sólidos en suspensión	150 mg/l	50 %
Aceites e graxas	25 mg/l	-
Deterxentes	3 mg/l	-

d) Que o volume de almacenamento total sexa igual ou maior a dous metros cúbicos e que teñan como mínimo dúas cámaras.

e) Que, cando resulte exixible para a obtención da autorización de vertedura, o sistema dispoña da preceptiva marcación CE conforme coa norma UNE-EN 12566, ou norma que no futuro a substitúa.

f) Que a vertedura se produza por infiltración no terreo mediante un sistema de evacuación soterrado.

g) Que o sistema ou sistemas de depuración autónomos non se instalen, de ser o caso, a menos de vinte metros dunha captación subterránea, consonte o disposto no artigo 23.3.a) da normativa do Plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, aprobado polo Real decreto 48/2023, do 24 de xaneiro.



2. Será subvencionable a rede de saneamento asociada ao sistema de depuración autónomo renovado e/ou instalado, e será indispensable a renovación e/ou instalación dun sistema de saneamento autónomo para poder subvencionar a rede de saneamento.

3. Será subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) só no caso de que non sexa recuperable pola entidade beneficiaria de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. Para tal efecto, o concello deberán declarar expresamente se o imposto sobre o valor engadido (IVE) dos gastos subvencionables é ou non recuperable polo concello solicitante.

4. Non será subvencionable a instalación de sistemas de saneamento autónomo en lugares en que sexa obrigatorio conectarse á rede de saneamento municipal en virtude do disposto na ordenanza municipal reguladora do servizo de saneamento ou, en ausencia desta previsión, que se atopen a menos de cincuenta metros da rede de sumidoiros municipal, consonte o disposto no artigo 7.7 do Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

5. Os concellos solicitantes desta subvención deberán contar coa correspondente autorización de vertedura ou co xustificante de tela solicitando con anterioridade ao prazo da xustificación da subvención.

6. Os concellos solicitantes deberán ser propietarios do terreo en que se pretende instalar o sistema de saneamento autónomo ou acreditar a súa dispoñibilidade.

Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarase na fase de solicitude, mediante a sinatura da correspondente declaración responsable de propiedade e plena dispoñibilidade incluída no anexo I.

No caso de que o concello non sexa o titular do inmovible, deberá achegarse a documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos.

Todo isto sen prexuízo das comprobacións que poida realizar para tal efecto Augas de Galicia e que poden comprender a solicitude da documentación acreditativa da titularidade ao interesado.

7. Todas as actuacións deberán contar, sempre e en todo caso, cos informes ou autorizacións, municipais ou sectoriais, que sexan precisos.

O cumprimento deste requisito acreditarase na fase de xustificación, sen prexuízo da declaración responsable na fase de solicitude.

CVE-DOG: ihphrd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



8. O incumprimento de calquera das condicións ou requisitos establecidos neste artigo constituirá causa de inadmisión da solicitude ou de perda do dereito ao cobramento da subvención, sen prexuízo de calquera outra que poida derivar da normativa aplicable.

Artigo 5. *Gastos subvencionables*

1. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles gastos que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e sexan efectivamente realizados desde o 1 de xaneiro de 2026. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

2. Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se subvencionarán os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.

3. Non serán gastos subvencionables, ademais dos gastos recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os gastos de adquisición de equipamento e materiais de segunda man, de actuacións de mantemento que se realicen periodicamente para manter o sistema de saneamento autónomo, de xuros, de recargas, de sancións administrativas, de sancións penais, nin de procedementos xudiciais.

Artigo 6. *Crédito*

1. As subvencións reguladas ao abeiro desta resolución financiaranse con cargo á conta financeira 6566 (subvencións de capital a corporacións locais) da entidade pública empresarial Augas de Galicia, por importe de setecentos setenta e dous mil cincocentos tres euros (772.503,00 €), aplicación orzamentaria 06.82.542B.760.0.

2. O esgotamento do crédito con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web de Augas de Galicia.

Artigo 7. *Tramitación anticipada de gasto*

A tramitación levarase a cabo mediante procedemento anticipado de gasto conforme o previsto no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Mediante Acordo do Consello da Xunta, do 17 de outubro de 2025, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026. Para



os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001. A dita tramitación está condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Artigo 8. *Ampliación de crédito*

1. Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, prevese a posibilidade de ampliar o crédito nas circunstancias previstas no artigo 30.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. A ampliación de crédito queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, á aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

3. Augas de Galicia publicará a ampliación nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura dun novo prazo para presentar novas solicitudes, nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Neste suposto, atenderanse as solicitudes que, cumprindo os requisitos previstos nesta convocatoria, inicialmente non obtiveran a subvención por falta de crédito dispoñible e quedaran nunha listaxe de agarda, ordenadas pola súa data de presentación e ata o esgotamento do crédito ampliado.

Artigo 9. *Importe máximo das subvencións*

1. O importe das subvencións será do 100 % do investimento da actuación proposta, incluído o imposto sobre o valor engadido (IVE), ata esgotar o crédito da convocatoria e cos límites máximos por actuación que se indican a seguir:

a) Sete mil cincocentos euros (7.500 €) en núcleos rurais illados de menos de 4 vivendas unifamiliares.

b) Quinze mil euros (15.000 €) en núcleos rurais illados de entre 4 e 8 vivendas unifamiliares.

c) Vinte mil euros (20.000 €) en núcleos rurais illados de máis de 8 e ata un máximo de 15 vivendas unifamiliares.



2. Os límites máximos previstos no número anterior enténdense referidos a cada unha das actuacións propostas e solicitadas pola entidade no suposto de que se solicite a renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de saneamento autónomo, tal e como se recolle no artigo 4.1 desta resolución.

Artigo 10. *Compatibilidade das subvencións*

1. Estas subvencións serán compatibles con outras que, para a mesma finalidade, concedan outras administracións públicas.

As entidades solicitantes deberán declarar todas as subvencións que solicitasen e/ou obtivesen para o mesmo fin.

2. As entidades beneficiarias están obrigadas a comunicarlles ás entidades concedentes a obtención de subvencións ou axudas que financien as actividades obxecto desta resolución.

3. A obtención de subvencións ou axudas concorrentes non poderá superar o custo total da actividade subvencionada. Cando se produza exceso das subvencións ou axudas percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo da actividade e estas fosen compatibles entre si, a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, unindo as cartas de pagamento á correspondente xustificación.

O reintegro do exceso farase a favor das entidades concedentes en proporción ás subvencións outorgadas por cada unha delas. Con todo, cando sexa a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a que advirta o exceso de financiamento, exixirá o reintegro polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Artigo 11. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 9.00 horas do día 23 de febreiro de 2026 e rematará ás 14.00 horas do día 23 de marzo de 2026.

Artigo 12. *Forma e lugar de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas pre-



senta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda. Se a emenda deste concreto defecto (presentación presencial da solicitude) se realiza unha vez transcorrido o prazo indicado na convocatoria da subvención para a presentación de solicitudes, o órgano competente ditará resolución en que se desestimar a solicitude por presentarse fóra do prazo, de acordo co artigo 23 en relación co artigo 20.2, letra g), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. No formulario, que figura como anexo I desta resolución, declárase o seguinte:

a) Que o concello solicitante acepta as condicións e demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria.

b) Que todos os datos contidos na solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

c) O conxunto de todas as subvencións ou axudas das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou conceptos financiados ao abeiro da resolución de convocatoria, e o compromiso de comunicar de contado cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

d) Que a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2024 foi remitida ao Consello de Contas de Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes que regula esta resolución.

e) Que o concello solicitante está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento en período executivo ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e, nomeadamente, con Augas de Galicia.

f) Que o concello solicitante cumpre os requisitos que se recollen no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para poder obter a condición de beneficiario.



g) Que o concello solicitante é propietario, ou ten a dispoñibilidade para realizar as actuacións obxecto da subvención, da parcela onde se pretende renovar e/ou instalar o sistema de saneamento autónomo, coa referencia catastral que se indica.

h) Que o vertedura obxecto da solicitude non está obrigada a conectarse á rede de saneamento municipal en cumprimento do disposto na ordenanza municipal ou, subsidiariamente, no Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño.

i) Que o concello solicitante é titular dunha autorización de vertedura do organismo competente ou, na súa falta, que a solicitará antes da finalización do prazo de xustificación da subvención.

j) Que o concello solicitante xa solicitou ou vai solicitar todos os informes ou autorizacións, municipais ou sectoriais, que sexan precisos antes da finalización do prazo de xustificación da subvención.

k) Que as actuacións para as cales se solicita a subvención teñen a consideración de gastos subvencionables e non estaban finalizadas con anterioridade á publicación da convocatoria destas subvencións.

l) O carácter recuperable ou non do imposto sobre o valor engadido (IVE) por parte do concello solicitante, de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

m) Que as augas residuais proveñen de vivendas unifamiliares, con indicación do seu número.

n) Que a vertedura se producirá por infiltración no terreo mediante un sistema de evacuación soterrado.

ñ) Que o sistema ou os sistemas de depuración autónomos non se instalarán, de ser o caso, a menos de vinte metros dunha captación subterránea.

o) Que o concello está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: ihphrd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



3. Todo isto sen prexuízo das comprobacións que poida realizar Augas de Galicia e que poden comprender a solicitude da documentación que se considere necesaria para a tramitación do procedemento.

Artigo 13. Documentación complementaria

1. As entidade locais interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Unha memoria descritiva onde se detallen as actuacións que se van executar para a renovación e/ou instalación do sistema de saneamento autónomo. O documento terá o seguinte contido mínimo:

1. Núcleos que estarán conectados ao sistema de saneamento autónomo e o número de vivendas.

2. Caudal máximo de vertedura.

3. Localización exacta do punto de vertedura expresada en coordenadas UTM.

4. Descrición dos sistemas de saneamento autónomo (características construtivas e dimensións, funcionamento, mantemento e plano acoutado).

5. Plano de localización en que se reflecta o punto de vertedura.

b) Orzamento detallado. Os conceptos incluídos no orzamento deberán contar co detalle suficiente para que Augas de Galicia poida comprobar a natureza dos gastos e se estes son subvencionables segundo o regulado na convocatoria.

c) Documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos no suposto de non seren propietarias destes.

d) Aqueles solicitantes que non teñan ao seu nome na base de datos do catastro a parcela onde se pretende instalar o sistema de saneamento autónomo deberán presentar a documentación acreditativa da titularidade daquela: escritura de propiedade, nota simple informativa do rexistro da propiedade, testamento ou calquera outro título válido en dereito.

2. A falta de presentación da documentación indicada neste artigo poderá ser obxecto de requirimento de emenda, e aplicarse o previsto nesta resolución no suposto de non atender o requirimento.

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



3. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados con anterioridade pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada que os achegue.

4. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algún dos solicitantes interesados presenta a documentación complementaria de maneira presencial, será requirido para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. O tamaño máximo previsto para a presentación electrónica de documentos é de 2GB por presentación.

7. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



O procedemento que se seguirá para presentar documentación de gran tamaño pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia a través da seguinte ligazón:

https://sede.xunta.gal/axuda/preguntas-frecuentes?content=pregunta-frecuente_0068.xml

Artigo 14. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento, unha vez presentada a solicitude de subvención, poderán consultarse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante.
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- d) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas fronte á Seguridade Social que deba emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- e) Certificacións sobre o cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Certificación sobre o cumprimento de obrigas derivadas da xestión dos tributos en materia de augas que deba emitir Augas de Galicia.
- g) Inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- h) Consulta de concesións ampliado.
- i) Consulta de axudas do Estado.
- j) Consulta da titularidade catastral.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario da solicitude e achegar os documentos.

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7k7



Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

4. Para a comprobación do cumprimento da obriga de remisión ao Consello de Contas de Galicia da conta xeral da entidade local correspondente ao exercicio orzamentario de 2024, Augas de Galicia terá en conta os datos públicos que consten na páxina web oficial do Consello de Contas de Galicia, salvo que o solicitante achegue xunto coa súa solicitude outra documentación distinta que acredite o cumprimento da dita obriga.

Artigo 15. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. Publicación dos actos

Publicarase no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e na páxina web de Augas de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o esgotamento do crédito previsto na convocatoria, a ampliación do crédito, se é o caso, e a relación de subvencións que se concedan.

Artigo 17. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar despois da presentación da solicitude deberán efectuarse de maneira electrónica accedendo á Carpeta cidadá do concello interesado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 18. Órganos competentes e instrución

1. A unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento será a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico de Augas de Galicia, que realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a correspondente proposta de resolución.

2. Revisadas as solicitudes e a documentación que se presente con elas, se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se presenta a documentación exixida, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento requirirá o solicitante para que, no prazo máximo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, de non facelo, se considerará que desiste da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, despois de que se dite resolución ao abeiro do artigo 21 desta lei.

Igual requirimento se efectuará no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal de Administración Tributaria, á Tesouraría Xeral da Seguridade Social ou á consellería competente en materia de facenda ou a Augas de Galicia, así como da verificación do DNI/NIE.



3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución, a unidade administrativa encargada da tramitación do procedemento poderá requirir os solicitantes para que presenten a información e/ou a documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación das solicitudes presentadas.

4. Os requirimentos realizaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5. O órgano instrutor será o encargado de verificar o cumprimento das condicións exixidas nesta resolución e no resto de normativa aplicable para poder ser entidade beneficiaria da subvención.

Para tal fin, analizará as solicitudes presentadas e a documentación que se achegue.

6. En relación con aquelas solicitudes que estean completas e cumpran coas condicións exixidas, o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución en que consten esas circunstancias e que da información que ten no seu poder se desprende que os concellos propostos como beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

A proposta de resolución proporá a inadmisión das solicitudes que non cumpran as exixencias contidas nesta resolución ou na normativa de aplicación.

Artigo 19. *Resolución e recursos*

1. O órgano competente para resolver, por delegación da persoa titular da Presidencia de Augas de Galicia, será a persoa titular da Dirección de Augas de Galicia.

2. Unha vez realizada a proposta de resolución, o órgano competente para resolver ditará a resolución do procedemento.

A resolución acordará, segundo proceda, ben o outorgamento das subvencións ben a desestimación e a non concesión por inadmisión, desistencia, renuncia ao dereito, esgotamento do crédito ou imposibilidade material sobrevida.

3. O prazo para ditar a resolución do procedemento iniciado en virtude desta convocatoria será de tres meses, contados a partir da data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



4. Segundo o establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a súa solicitude de concesión da subvención.

5. As resolucións ditadas neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse, ante o mesmo órgano, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou desde o día en que se produza o acto presunto. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 20. *Modificación da resolución*

1. Unha vez ditada a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima de tres meses á data de finalización do prazo de xustificación.

2. A modificación poderase autorizar sempre que non dane dereitos de terceiros. En todo caso, a modificación da resolución de concesión deberá respectar o obxecto da subvención, as actuacións autorizadas na resolución de concesión, non dar lugar a actuacións deficientes e incompletas e en ningún caso poderá implicar o incremento na contía da axuda concedida.

3. Para a modificación da resolución non poderán ser tidos en conta requisitos ou circunstancias que, debendo concorrer no momento en que se ditou a resolución, tivesen lugar con posterioridade a ela.

4. Xunto coa solicitude, a persoa solicitante da modificación deberá presentar: memoria xustificativa da modificación, orzamento modificado e relación e identificación concreta dos cambios introducidos.

5. O acto polo cal se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado, por delegación, pola persoa titular da Dirección de Augas de Galicia, logo da instrución do correspondente procedemento.



Artigo 21. *Desistencia da solicitude, aceptación e renuncia*

1. Os concellos interesados poderán desistir da súa solicitude a través do modelo que se achega como anexo II.

2. Os concellos beneficiarios disporán dun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución de concesión, para comunicaren a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben renunciaren á subvención concedida de maneira expresa e motivada, conforme o modelo que se achega como anexo II.

Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención, de conformidade co artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os concellos beneficiarios da subvención, unha vez aceptada, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal se concedeu a subvención.

Artigo 22. *Obrigas dos beneficiarios*

Sen prexuízo das demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os concellos beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro desta resolución quedan obrigados a:

1. Cumprir o obxectivo da subvención nos prazos establecidos e co contido indicado nesta resolución.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real.

3. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto subvencionado, segundo o estipulado no artigo 41 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto da subvención de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



5. Proceder ao reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
- b) Incumprimento da obriga de xustificar o pagamento nos termos establecidos nesta resolución.
- c) Incumprimento da obriga, de ser o caso, de achegar os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deba ter solicitado a entidade beneficiaria e/ou falta ou insuficiente acreditación de que a elección recaeu na oferta economicamente máis vantaxosa.

De acordo con este artigo, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

d) Incumprimento das obrigas establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) Nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou en calquera outro que resulte da normativa aplicable.

6. No suposto de concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións obxecto da subvención, tramitar e adxudicar os contratos necesarios conforme as prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa do sector público e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas.

7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse con anterioridade ou simultaneamente á presentación da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos e, en todo caso, tan axiña como se coñeza.

CVE-DOG: lhphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme o previsto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

9. En relación coa subvención concedida, someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Artigo 23. *Contratación*

1. Os concellos beneficiarios poderán concertar con terceiros a execución parcial ou total das actuacións obxecto da subvención, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custo da actuación subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración concedente.

2. A tramitación dos expedientes de contratación que procedan será realizada polos concellos beneficiarios conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, e serán as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.

3. En todo caso, deberá observarse o establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10.e) do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, tal e como se recolle no artigo 22.5.c), parágrafo segundo, desta resolución.

A entidade beneficiaria deberá acreditar, de ser o caso, as ofertas recibidas xunto coa documentación xustificativa da subvención e xustificar a elección entre as ofertas presentadas.

CVE-DOG: lhphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



Artigo 24. Xustificación e pagamento

1. Os beneficiarios terán de prazo para presentar a xustificación do investimento da subvención concedida ata o 8 de outubro de 2026.

2. As entidades beneficiarias deberán achegar, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, o anexo III, en que expresamente se declara:

a) O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas soliciten e/ou obteñan doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

b) Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

Para os efectos do previsto no artigo 31.7 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello está ao día nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

c) Que se cumpriu a finalidade da subvención.

3. Xunto co anexo III deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda, consonte o disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

b) Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario, co visto e praxe do/da alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, na cal se faga constar, como mínimo e de maneira detallada:

1º. O acordo de aprobación polo órgano competente do concello beneficiario das facturas e, no caso de obras, das correspondentes certificacións de obra en que se identifique

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



o/a acredor/a, o número de factura ou documento equivalente, a certificación da obra, o importe, a data de emisión e a data de recoñecemento da obriga polo órgano competente, no cal conste ademais que se cumpriu a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

2º. Que, segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución do proxecto subvencionado.

3º. Que, segundo informe da persoa secretaria do concello, na tramitación e contratación das obras e/ou equipamentos se cumpriu a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe os contratos do sector público.

c) Memoria explicativa asinada electronicamente do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica.

d) Facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo (identificarase o proveedor, o NIF, o número da factura ou documento equivalente, o concepto, o importe, a data de emisión e a data de recoñecemento da obriga polo órgano competente) que xustifiquen a execución do proxecto que serviu de base á resolución de concesión.

Os gastos xustificandos deberán axustarse aos conceptos incluídos no orzamento inicial. Non se aboará máis que o importe xustificado e ata o límite da subvención concedida.

As facturas que se presenten como xustificación dos gastos realizados deberán detallar as unidades e os prezos unitarios. De non vir correctamente tipificado o gasto nas facturas presentadas poderase perder o dereito a cobrar a subvención concedida.

e) Xustificante de estar en posesión da autorización de vertedura do organismo competente ou de tela solicitado antes da finalización do prazo de xustificación da subvención.

f) Informes ou autorizacións, municipais ou sectoriais, que sexan precisos segundo o caso concreto, ou xustificantes de telos solicitado.

4. A entidade pública empresarial Augas de Galicia poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7



5. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto no artigo 45.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

6. Augas de Galicia poderá realizar as visitas e inspeccións que considere necesarias para comprobar o cumprimento das obrigas asumidas polas persoas beneficiarias.

Artigo 25. *Incumprimento das obrigas*

1. O órgano concedente poderá revogar a concesión da subvención se a entidade beneficiaria incumpre as condicións impostas con motivo da súa concesión.

2. O incumprimento das obrigas contidas nesta resolución ou na restante normativa que sexa de aplicación dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior, tramitarase o procedemento de reintegro oportuno, que se axustará ao previsto no artigo 37 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título V do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Aos concellos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no título VI do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 26. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a



información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Artigo 27. *Medidas antifraude*

1. É de aplicación ao procedemento recollido nesta resolución o Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia e o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que poden consultarse nas seguintes ligazóns:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf>

https://augasdeg Galicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf

2. Augas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, á disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema integrado de atención á cidadanía (Siaci), onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidade ou conduta de fraude na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola Administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais de pola cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle se poderán denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado no Siaci, figurará unha declaración da Xunta en que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa



denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia.

Disposición adicional primeira. *Definición de vivenda unifamiliar*

Para os efectos da consideración dunha vivenda como unifamiliar terase en conta o disposto na epígrafe C.2 do anexo I do Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Tramitación da autorización de vertedura*

1. Os solicitantes da subvención deberán contar coa autorización de vertedura ou co xustificante de tela solicitado con anterioridade á xustificación da subvención.

Para a tramitación da autorización de vertedura atenderase o disposto no Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, en xeral, e, en particular e para o caso das verteduras de augas residuais domésticas que non superen os 50 habitantes equivalentes, atenderase o disposto no artigo 253 bis do dito regulamento.

2. A concesión da autorización de vertedura procedente do sistema de saneamento autónomo non supón que se cumpran os requisitos para conceder a subvención, requisitos que deberán ser atendidos no correspondente procedemento de tramitación desta solicitude de subvención.

3. A concesión da subvención para a renovación ou instalación do sistema de saneamento autónomo non supón que se cumpran os requisitos para conceder a autorización de vertedura, requisitos que deberán ser atendidos no correspondente procedemento de tramitación desta solicitude de autorización.



Disposición adicional terceira. *Guía para a configuración dun saneamento autónomo*

Na seguinte ligazón de Augas de Galicia pode consultarse a Guía para a configuración de solucións de saneamento autónomo ata 10 habitantes:

https://augasdeg Galicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=738433&name=DLFE-68079.pdf

Disposición adicional cuarta. *Delegación de competencias*

Delégase na persoa titular da Dirección de Augas de Galicia a competencia para resolver o procedemento de concesión de subvencións, ampliar o crédito da convocatoria, ampliar o prazo de xustificación, modificar a resolución de convocatoria ou de concesión da subvención, para resolver os recursos que se presenten contra as resolucións que se diten e outras incidencias que poidan xurdir na súa tramitación, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos, o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamentos, en relación co disposto no artigo 73.a) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposición adicional quinta. *Impugnación da convocatoria*

Contra esta resolución poderá interpoñerse, ante a Presidencia de Augas de Galicia, recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Alternativamente, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia da cidade de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional sexta. *Visibilidade da sinatura electrónica*

Co fin de facilitar a tramitación do expediente e verificar de forma axeitada a validez e data de emisión da documentación presentada, recoméndase que todos os documentos asinados de maneira electrónica inclúan a sinatura visible, de xeito que se poida comprobar de forma clara a identidade da persoa asinante e a data de sinatura.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2025

Ángeles Vázquez Mejuto
Presidenta de Augas de Galicia

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7





ANEXO I

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á RENOVACIÓN E/OU INSTALACIÓN DE ATA UN MÁXIMO DE DOUS SISTEMAS DE DEPURACIÓN AUTÓNOMOS EN CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO AU300B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
ENTIDADE LOCAL		
ENDEREZO		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).		
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.		
Envíananse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:		
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
☒ Formato IBAN	☐ Formato BIC
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

DATOS DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN	
ACTUACIÓN PARA A CAL SOLICITA A SUBVENCIÓN	
ORZAMENTO TOTAL (IVE INCLUÍDO)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (100 % do orzamento total, IVE incluído, se o IVE non é recuperable polo concello, cos límites máximos previstos na convocatoria); 100 % do orzamento total, IVE excluído, se o IVE é recuperable polo concello, cos límites máximos previstos na convocatoria)



ANEXO I
(continuación)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que o concello que solicita a subvención acepta todas as condicións e demais requisitos exixidos na resolución de convocatoria.
2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que, en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas, o concello solicitante:
 - ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
 - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña a entidade solicitante doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. Que a conta xeral do concello correspondente ao exercicio orzamentario de 2024 foi remitida ao Consello de Contas de Galicia antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes previsto na resolución de convocatoria.
5. Que o concello que solicita a subvención está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento en período executivo ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e, nomeadamente, con Augas de Galicia.
6. Que o concello solicitante cumpre os requisitos que para poder obter a condición de entidade beneficiaria se recollen no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que o concello solicitante é propietario, ou ten a dispoñibilidade para realizar as actuacións obxecto da subvención, da parcela onde se pretende renovar e/ou instalar o sistema de saneamento autónomo, coa referencia catastral que se indica:
8. Que a vertedura obxecto da solicitude non está obrigada a conectarse á rede de saneamento municipal en cumprimento do disposto na ordenanza municipal ou, subsidiariamente, no Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, aprobado polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño.
9. Que ten autorización da vertedura do organismo competente ou, na súa falta, que a solicitará antes da finalización do prazo de xustificación da subvención.
10. Que solicitou ou vai solicitar todos os informes ou autorizacións, municipais ou sectoriais, que sexan precisos antes da finalización do prazo de xustificación da subvención.
11. Que as actuacións para as cales se solicita a subvención teñen a consideración de gastos subvencionables e non estaban finalizadas con anterioridade á publicación da convocatoria destas subvencións.
12. Que, en relación co IVE, o concello solicitante:
 - ☐ Non recupera o IVE de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.
 - ☐ Si recupera o IVE de acordo co disposto na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.
13. Que as augas residuais proveñen de vivendas unifamiliares, con indicación do seu número.
14. Que a vertedura se producirá por infiltración no terreo mediante un sistema de evacuación soterrado.
15. Que o sistema ou os sistemas de depuración autónomos non se instalarán, de ser o caso, a menos de vinte metros dunha captación subterránea
16. Que o concello está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro



ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

- ☐ Memoria descriptiva onde se detallan as actuacións que se van executar para a renovación e/ou instalación do sistema de saneamento autónomo
- ☐ Orzamento detallado. Os conceptos incluídos no orzamento deberán contar co detalle suficiente para que Augas de Galicia poida comprobar a natureza dos gastos e se estes son subvencionables segundo o regulado na convocatoria.

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documentación acreditativa da dispoñibilidade dos terreos no suposto de non ter a súa propiedade.			
☐ Documentación acreditativa da titularidade da parcela para aqueles solicitantes que non a teñan ao seu nome na base de datos do catastro: escritura de propiedade, nota simple informativa do rexistro da propiedade, testamento ou calquera outro título válido en dereito.			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA	
DNI/NIE da persoa representante	☐	
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas fronte á Seguridade Social que deba emitir a Tesouraría Xeral da Seguridade Social	☐	
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia	☐	
Certificación sobre o cumprimento de obrigas derivadas da xestión dos tributos en materia de augas que deba emitir Augas de Galicia	☐	
Inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐	
Consulta de concesións ampliado	☐	
Consulta de axudas do Estado	☐	
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA	
NIF da entidade solicitante	☐ Si	☐ Non
Certificacións sobre o cumprimento de obrigas que deba emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ Si	☐ Non
Titularidade catastral	☐ Si	☐ Non



ANEXO I
(continuación)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Augas de Galicia.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	(https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Resolución do 29 de decembro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: ihphrd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7





ANEXO II

COMUNICACIÓN DE DESISTENCIA DA SOLICITUDE / ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á SUBVENCIÓN

AU300B – SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á RENOVACIÓN E/OU INSTALACIÓN DE ATA UN MÁXIMO DE DOUS SISTEMAS DE DEPURACIÓN AUTÓNOMOS EN CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
ENTIDADE LOCAL		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)		

EXPEDIENTE RELACIONADO

COMUNICA:

DESISTENCIA DA SOLICITUDE

- ☐ DESISTE da solicitude presentada ao abeiro da Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).

COMUNICA:

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA

- ☐ ACEPTA a subvención concedida ao abeiro da Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B).
- ☐ RENUNCIA á subvención concedida ao abeiro Resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á renovación e/ou instalación de ata un máximo de dous sistemas de depuración autónomos en concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento AU300B), polo seguinte motivo:

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data , de de

Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia

CVE-DOG: ihphrfd1-med8-xo13-qkw5-w5f31hurzt7





ANEXO III

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN

AU300B – SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á RENOVACIÓN E/OU INSTALACIÓN DE ATA UN MÁXIMO DE DOUS SISTEMAS DE DEPURACIÓN AUTÓNOMOS EN CONCELLOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
ENTIDADE LOCAL		

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)		

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra subvención ou axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras subvencións ou axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas subvencións ou axudas solicite e/ou obteña a entidade solicitante doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que o concello solicitante non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de entidade beneficiaria da subvención.
3. Que se cumpriu a finalidade da subvención.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a axuda, consonte o disposto no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas
- ☐ Certificación emitida e asinada electronicamente pola persoa secretaria do concello beneficiario, co visto e prace do/da alcalde/sa, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, co contido mínimo establecido no artigo 24.3.b) da convocatoria.
- ☐ Memoria explicativa asinada electronicamente do investimento realizado e dos resultados obtidos, que inclúa unha reportaxe fotográfica.
- ☐ Facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo que xustifiquen a execución do proxecto que serviu de base á resolución de concesión, co contido establecido no artigo 24.3.d) da convocatoria.
- ☐ Xustificante de estar en posesión da autorización de vertedura do organismo competente ou de tela solicitado antes da finalización do prazo de xustificación da subvención.
- ☐ Informes ou autorizacións, municipais ou sectoriais, que sexan precisos, segundo o caso concreto, ou xustificantes de telos solicitado.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
----------------------	---	----------------------	----	----------------------	----	----------------------

Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia

